

Garatuxas do Val de Miñor

Onda onde vivo eu hai unha **ponte corazón** que pon guapo o río Miñor na súa voda co mar. Cando a marea está baixa, o río camiña un quilómetro, vestido de prata para unirse co seu destino aos pés da Ladeira. Cando a marea está alta, é o mar, que se impacienta e sobe a buscalo.

Onda onde vivo eu hai unha serea chamada **Calíope**. Os mariñeiros coñécena. Adoita acompañalos nas duras xornadas de traballo no mar. Anda á procura do mosaico do **muxe milenario** de Panxón que estaba en Nova York.

Onda onde vivo eu **Monteferro** é un xigante que tece pontes de granito polo mar para chegar á súa amada, a **Virxe da Rocha** de Baiona.

Onda onde vivo eu un pequeno garrano da Serra da Gropa chamado **Artai** é quen de percorrer toda Baiona xunto ao boi **Breogán**, para salvar o seu amigo **Quer**, o carballo, afogado polo ataque dunha estraña árbore fruss fruss.

Onda onde vivo eu **Artai** leva a toda a súa manda a Berlín para defender o proxecto etolóxico dos garranos en Europa.


Onda onde vivo eu festexamos o **Samaín**, a fin do verán, para espantar os malos espíritos e darlle forza ao sol para vencer a escuridade do inverno

Onda onde vivo eu son as **terras de Turonio**. Terras cheas de lendas e xentes que brincan con elas.

Onda onde vivo eu os ríos están cheos de xacias e mours que os protexen. Ríos que bañan e labran as terras de Gondomar, terras cheas de petróglifos, muíños, pontes e pazos nas que viviu moitas aventuras o **conde Diego Sarmiento de Acuña**, e con el comeza esta historia.

*onda onde
onde miras ti
reverdece na nosa horta
a acorta que compartimos*

Dedas + Un paseo por Nigrán + Un paseo por Baiona + Un paseo por Gondomar + Samagostín + A walk in Baiona = **Garatuxas do Val de Miñor**



DEDAS

por
Nigrán
Cozla



Texto: Soledad García
Ilustracións: Laine Villero
Deseño: Natalia Guisande

